

GALICIA FORMARÁ PARTE DO PROXECTO EUROPEO INVEST4HEALTH DESTINADO A IMPULSAR E COÑECER NOVOS MODELOS DE FINANCIAMENTO PARA OS SISTEMAS SANITARIOS

- O proxecto conta cun orzamento de 5,5M € financiados a través de Horizonte Europa
- Participan un total de 18 entidades entre as que se atopa a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2022.- A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) formará parte do proxecto europeo Invest4Health, destinado a incentivar novos modelos de financiamento para a promoción da saúde e a prevención de enfermidades.

Trala pandemia os sistemas sanitarios europeos deben abordar a acumulación de atrasos na asistencia sanitaria derivados da COVID-19, os novos retos para a saúde e a escaseza de recursos buscando formas de maximizar os activos da Administración pública.

O proxecto Invest4Health enmárcase dentro das accións de investigación e innovación (RIA) de Horizonte Europa e ten por finalidade garantir o acceso a unha asistencia sanitaria innovadora, sostible e de calidade, promovendo novos modelos de financiamento para os sistemas sanitarios.

A acción Invest4Health está coordinada pola rexión sueca de Skåne e conta cunha participación dun total de 18 entidades de 8 países, entre as que destacan Universidades e Centros tecnolóxicos:

- 1 Region Skåne SUECIA (Coordinador)
- 2 Erasmus University Rotterdam PAÍSES BAIXOS
- 3 SNF Centre for Applied Research at Norwegian School of Economics NORUEGA
- 4 Syreon Research Institute HUNGRÍA
- 5 EuroHealthNet ASBL BÉLXICA
- 6 Research Institutes of Sweden SUECIA
- 7 Norway Health Tech NORUEGA
- 8 Innovation Skåne SUECIA
- 9 Stichting Health ClusterNET PAÍSES BAIXOS
- 10 Hywel Dda University Health Board REINO UNIDO
- 11 Bangor University REINO UNIDO
- 12 SINTEF NORUEGA
- 13 University of Oxford REINO UNIDO
- 14 University of Gothenburg SUECIA
- 15 University Hospital Heidelberg ALEMANIA
- 16 IESE Business School, Universidad de Navarra ESPAÑA
- 17 Forschungsinstitut für Rationalisierung ALEMANIA
- 18 Axencia Galega Para a Xestión do Coñecemento en Saúde ESPAÑA

O proxecto ten unha duración de 3 anos e medio (42 meses) e ten previsto comezar en xaneiro do 2023. As actividades que se leven a cabo buscarán consolidar os esforzos e recursos no sector sanitario e incentivar novas formas de financiamento no ámbito público nas que os beneficios para a saúde superen os custos e proporcionen un retorno da inversión sostible.

CONTIDOS RELACIONADOS

Proxectos europeos

Compra Pública Innovadora

LABSAÚDE living labs de saúde

Galicia logra a cuarta estrela como rexión de referencia europea pola abordaxe integral do envellecemento activo e saudable da iniciativa EIP on AHA

Galicia colaborará na definición conxunta das necesidades; validar enfoques e propostas; comunicar, difundir e participar nas actividades que se leven a cabo; e aportar a súa experiencia como comprador público de solucións innovadoras.

Cabe destacar a traxectoria do Servizo Galego de Saúde no desenvolvemento de proxectos de compra pública innovadora como Hospital2050, InnovaSaúde, Código100, e proxectos en marcha como INNOVATRIAL ou Innova MicroLab, que mobilizaron máis de 120 millóns de euros; o primeiro living lab de saúde do Sergas no Hospital Universitario de Ourense da rede LABSAÚDE; e o recoñecemento por parte da Comisión Europea de Galicia como unha das rexións de referencia europea no desenvolvemento, a adopción e escalado de solucións innovadoras para un envellecemento activo e saudable. Esta aposta foi recoñecida recentemente polo Consello Europeo de Innovación (EIC) como gañadores dos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación.